

CADERNO DE COMUNICACIÓN 4º ESO

ÍNDICE

• INDICACIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS, TAREFAS E TEXTOS	1
• INDICACIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE EXAMES.....	2
• INDICACIÓNS PARA CITAR FONTES, TEXTOS e OBRAS	2
• INDICACIÓNS PARA ENVIAR TAREFAS EN ARQUIVOS ADXUNTOS	3
• INDICACIÓNS PARA ELABORAR UN TEXTO EXPOSITIVO.....	3
• INDICACIÓNS PARA ELABORAR UN TEXTO ARGUMENTATIVO	6
• INDICACIÓNS PARA ELABORAR UN DISCURSO.....	8
• INDICACIÓNS PARA RESPECTAR AS PROPIEDADES TEXTUAIS.....	10
• ESTRUCTURA DA PROBA DE LINGUA E LIT. GALEGA NA ABAU	11
• RÚBRICA PARA AVALIAR A LECTURA NA AULA	14

INDICACIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS, TAREFAS E TEXTOS

- Entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro, nunca en lapis ou en calquera outra cor, sempre que se fagan a man. Nos traballos elaborados dixitalmente deberase empregar un tamaño de letra 18 para o título, 16 para o encabezamento de cada apartado e 12 para o corpo. O tipo de letra será *Arial*, *Times New Roman* ou *Verdana*.
- Deberán deixarse marxes: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm). Debe haber unha distancia adecuada entre as liñas e estar aliñadas horizontalmente. Os parágrafos deben estar sangrados.
- En caso de traballos escritos, débese coidar a limpeza. Requírese que a letra sexa lexible.
- Estarán escritos por unha soa cara e unidas con grampas.
- Incluirán (sexa na **portada** (para os traballos) ou no **encabezamento** (para as tarefas e textos) a seguinte información: **Título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación** á que pertence o exercicio. En caso de traballos, á portada seguiralle un **Índice** que recolla os apartados e as páxinas nas que estes se atopan, numeradas a partir deste índice. Acabarán sinalando as **Fontes** de información.

INDICACIONES PARA A PRESENTACIÓN DE EXAMES

- Debe empregarse exclusivamente bolígrafo azul ou negro: nin lapis nin *tipex*.
- Salvo indicación en sentido contrario, as respostas aparecerán nos folios en branco, non no exame.
- É conveniente deixar marxes para facilitar a corrección. Na medida do posible, evítanse as tachas.
- É obrigatorio sangrar os parágrafos.
- As páxinas estarán sempre numeradas e todas levarán o nome do alumno/a.
- Buscarase sempre a orde e a limpeza. Se, unha vez contestada unha pregunta, se quere aportar nova información empregaranse as notas a pé de páxina. Colocarase un asterisco (*) na pregunta que queremos continuar e a información nova poñerase nun folio aparte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta os asteriscos deben ser numerados (*1/ *2) para facilitar a corrección do exame.

INDICACIONES PARA CITAR FONTES, TEXTOS e OBRAS

PARA CITAR FONTES

Se se trata dun libro ou manual impreso, escribiremos o **nome do autor/a** (primeiro o apelido e despois o nome, separado por unha coma), ao que seguirán dous puntos e o **título da obra en cursiva**, separado por unha coma da **data de publicación**, que á súa vez se separará cunha coma da **Editorial**. Se podemos citamos as **páxinas que utilizamos** desa obra. Exemplo: **MOURE, Teresa: *Ecolingüística*, 2011, Editorial Universidade da Coruña, pp 7-13.**

Se se trata dunha páxina web, escribiremos o **nome da páxina**, indicando a quen pertence, o **nome do autor/a**, en caso de que sexa posible indicalo. Seguirá, precedido de dous puntos, o **endereço dixital**. Exemplo: ***Lingua e Literatura* de Xano Cebreiro: <http://remexer.com/cuarto/>**

PARA CITAR TEXTOS

Ao longo das nosas producións textuais, precisamos facer referencia a fragmentos de textos. No noso centro acordamos o seguinte modelo de citación:

- Nos documentos escritos a man, as citas das obras ou textos van sempre entre comiñas.
- Nos textos dixitais, as citas van sempre en cursiva.
- En ambos casos deben engadirse entre parénteses o número de liña/s ou verso/s a que corresponden esas citas con respecto ao texto citado.

PARA CITAR OBRAS

Nos documentos escritos **a man**, os títulos das obras deben ir **subliñados**.
Nos documentos **dixitais**, irán en **cursiva**.

INDICACIÓNS PARA ENVIAR TAREFAS EN ARQUIVOS ADXUNTOS

1. As tarefas que se envíen por correo electrónico enviaranse sempre en arquivos adxuntos.
2. O formato dos arquivos adxuntos será como segue:
 - a. O tipo de arquivo indicarao o profesor/a (*word, open office, pdf...*)
 - b. O nome do arquivo deberá recoller sempre estas indicacións:

NOME DO ALUMNO/A	INICIAIS DOS APELIDOS	CURSO	NIVEL	GRUPO	NOME DA TAREFA
SONIA	R L	2º	ESO	A	TRABALLO DO LIBRO CORREDORA

3. O correo deberá levar no **ASUNTO** o **nome da tarefa**.
4. A caixa do correo deberá conter un texto con **saúdo**, indicación da tarefa que se envía e **despedida**.

EXEMPLO:

ASUNTO	Traballo do libro <i>Corredora</i>
CAIXA DO CORREO	Bos días, Profe! Envíoches a miña tarefa sobre o libro <i>Corredora</i> Saúdos, Sonia
ARQUIVO ADXUNTO	Sonia R L – 2ºESO-A – Libro <i>Corredora</i>

INDICACIÓNS PARA ELABORAR UN TEXTO EXPOSITIVO

Un texto expositivo dá a coñecer información con obxectividade, non aporta opinións, e faino cunha linguaxe clara e precisa.

Estrutura (partes dun texto expositivo)

1. **Título.** Enunciado que nomea o tema. Procurarase unha construción que reúna un substantivo (elemento NUCLEAR) e un adxectivo (ou calquera elemento MODIFICADOR), evitando o emprego de verbos (PREDICADOS).

2. **Introdución:** Presentación ou achegamento ao tema e ao seu contexto. Serve para explicar o tema que se vai abordar: o porqué do seu interese, a súa actualidade, o enfoque que se lle vai dar... A súa extensión límitase a un parágrafo breve. **(Non debe supor máis do 10% do texto expositivo)**

3. **Desenvolvemento:** Explicación, o lugar onde realmente se achegan as explicacións arredor dos distintos aspectos do tema. Atópase dividido en parágrafos. Pódese facer de varias formas dependendo do tipo de tema que esteamos a tratar: **(Debe supor o 80% do texto expositivo)**
 - Analizando as causas polas que algo ocorre e logo analizando as consecuencias ou as solucións que pode ter.
 - Enumerando ou describindo as características ou as propiedades que posúe o obxecto ou a idea do que estamos tratando.
 - Expoñendo as ideas de maneira cronolóxica, é dicir, segundo van acontecendo no tempo.
 - Facendo unha comparación entre distintas ideas ou aspectos dun mesmo tema.
 - Etc.

4. **Conclusión:** Síntese básica das ideas expostas. Pode incluír unha reflexión sobre a actualidade ou cara ao futuro. A súa extensión límitase a un parágrafo. **(Non debe supor máis do 10% do texto expositivo)**

Expresión (precisión, obxectividade e claridade)

1. **Léxico preciso.** Débense empregar termos específicos e/ou tecnicismos, non termos comodín (“cousa”, “facer”, “dicir”, etc...) que carece de significado preciso. Débense achegar datos concretos (porcentaxes, datas, nomes, etc...)

2. **Obxectividade.** Débense empregar sobre todo **oracións enunciativas con verbos en 3ª persoa e/ou estruturas impersoais, plurais de modestia...** (pénsase que, considérase...)

3. **Claridade.** Débense usar **expresións simples** que deixen claro cal é a relación que existe entre as ideas, a súa orde lóxica: se é unha explicación, se é unha exemplificación, se é unha idea que contrarresta a anterior... En consecuencia, débense utilizar os **conectores apropiados** (porque, para, porén, ademais...) que guíen a explicación (en primeiro lugar, a seguir, por outro lado...).

VALORACIÓN DE TEXTOS EXPOSITIVOS.

Alumno/a _____ Grupo _____

Aspectos estruturais do texto expositivo.						
• Fai unha introdución do tema que se vai tratar	0	1	2	3	4	5
• O desenvolvemento, onde se achega a información sobre o tema consta, polo menos, de tres parágrafos	0	1	2	3	4	5
• Ten unha conclusión que recolla un breve resumo do tema exposto ou unha reflexión sobre a vivencia dese tema a día de hoxe	0	1	2	3	4	5
• Mantén un punto de vista obxectivo na presentación da información	0	1	2	3	4	5
• O léxico é preciso e variado (presenza de tecnicismos). Non usa palabras comodín. Utiliza sinónimos e hiperónimos	0	1	2	3	4	5
• ¿Aparecen elementos impropios deste tipo de texto?	5	4	3	2	1	0
PUNTUACIÓN TOTAL.						

Aspectos de expresión						
• Ten erros gramaticais e ortográficos	0	1	2	3	4	5
• Emprega sobre todo oracións enunciativas con verbos en 3ª persoa e/ou estruturas impersonais, plurais de modestia... (pénsase que, considérase...)	0	1	2	3	4	5
• O texto é coherente (ten sentido)	0	1	2	3	4	5
• Cada parágrafo desenvolve unha idea principal.						
• O texto ten cohesión. Aparecen enlaces entre os parágrafos. Utilízanse organizadores textuais e conectores variados.	0	1	2	3	4	5
• É adecuado (que a súa expresión se corresponda cun nivel de lingua propio dunha tarefa académica)	0	1	2	3	4	5
PUNTUACIÓN TOTAL						

INDICACIONES PARA ELABORAR UN TEXTO ARGUMENTATIVO

Un texto argumentativo dá unha opinión avalada por argumentos de distinto tipo para soste unha postura en relación a un dilema.

Estrutura dun texto argumentativo

- **Presentación**

A finalidade é presentar o dilema, así como a postura que se vai manter ante o mesmo; ademais de captar a atención do destinatario e despertar nel interese e unha actitude favorable.

- **Argumentación**

A finalidade é soste unha opinión, pero argumentar non é opinar. Só os datos obxectivos ou as afirmacións demostrables constitúen argumentos válidos para defender unha postura a favor ou en contra. Podemos servirmos de distintos tipos de argumentos:

- De competencia, baseado na capacidade adquirida por unha persoa grazas á súa experiencia.
- De analoxía, baseado en exemplos similares ao da tese que se defende.
- De datos, baseado en estatísticas.
- De autoridade, baseado no prestixio dunha persoa ou institución.
- De lei, baseado en regras, decretos, ou calquera tipo de norma de carácter legal.

- **Conclusión**

A súa finalidade é recordarlle ao receptor/interlocutor a tese, as partes máis relevantes do exposto e insistir na postura argumentativa adoptada.

Observación: Para coidar a expresión, sobre todo a cohesión textual, haberá que servirse dos conectores máis habituais para este tipo de textos:

- Adversativos: pero, non obstante, agora ben, con todo, aínda así...
- Consecutivos: así que, mentres que, de modo que, de maneira que...
- Explicativos: por iso, en consecuencia, así pois, por tanto...
- Aditivos: así mesmo, igualmente, de igual modo, por outra parte, pola súa banda, á súa vez, ademais, por engadido, por demais, mesmo, inclusive...
- Contraargumentativos: aínda que, a pesar de que, malia que, se ben...

VALORACIÓN DE TEXTOS ARGUMENTATIVOS.

Alumno/a _____ Grupo _____

Aspectos estruturais do texto argumentativo.						
• Grado de claridade do “punto de vista”, da tese presentada. Presentación do dilema e postura ante o mesmo	0	1	2	3	4	5
• ¿Cantos argumentos se presentan? ¿Son variados ¿Teñen calidade?	0	1	2	3	4	5
• Conta o apartado da argumentación con, ao menos, tres parágrafos?	0	1	2	3	4	5
• ¿Considera puntos de vista alternativos ao que se defende?	0	1	2	3	4	5
• Ten unha conclusión que recolla un breve resumo da argumentación e unha reflexión arredor da tese defendida	0	1	2	3	4	5
• ¿Aparecen elementos impropios deste tipo de texto?	5	4	3	2	1	0
PUNTUACIÓN TOTAL.						

Aspectos de expresión						
• Ten erros gramaticais	0	1	2	3	4	5
• Ten erros ortográficos	0	1	2	3	4	5
• O texto é coherente (ten sentido)	0	1	2	3	4	5
• O texto ten cohesión. Aparecen enlaces entre os parágrafos. Utilízanse organizadores textuais e conectores variados.	0	1	2	3	4	5
• É adecuado (que a súa expresión se corresponda cun nivel de lingua propio dunha tarefa académica)	0	1	2	3	4	5
PUNTUACIÓN TOTAL						

INDICACIÓNS PARA ELABORAR UN DISCURSO

O discurso é un xénero fronteirizo entre a oralidade e a escritura. Aínda que o vas pronunciar, antes terás que escribilo. Para iso é desexable que fagas un esquema para distinguir claramente as PARTES. Fíxate ben e a partir do esquema elabora o teu discurso.

1. Comezo e saúdos

- Protocolo. Saúda aos presentes en orde de maior a menor relevancia no contexto en que esteades.. Exemplo: director do centro, compañeiros e compañeiras.

- Decide como te dirixes ao público: de ti o de vostede

2. Corpo do discurso

- Expón claramente cal é o propósito do teu discurso.

- Continúa cos argumentos que encontrases para apoiar a túa visión do tema que estás tratando. Recorda estes aspectos:

- a. Divide o discurso en parágrafos para que ao pronuncialo se noten as partes, que subliñarás con pausas máis longas.

- b. Para iso usa conectores.

- c. Achega datos, exemplos, citas, argumentos, causas e consecuencias

- d. Tamén podes idear unha frase-estribillo, é dicir, palabras que repites ao longo do discurso e que servirán para atraer a atención do público e unir os apartados. Exemplo: Malala no seu discurso ante a ONU di moitas veces: “*Estimados irmáns e irmás*” Ou Emma Watson repite: “*Se non eu ¿quen?*”

3. Conclusión e final

- O final debe vir anunciado: nun momento dado o público ten que saber que estás acabando. Elixo un conector ou unha frase que marque o final. Exemplos: *Non quero terminar sen dicir que...; Por último...; Para finalizar...; Acabo xa coa esperanza de que...; Só me queda engadir que...; Espero que teña quedado claro que o propósito do meu discurso..., etc.*

- Acaba cun brevísimmo resumo do que contaches..

- Dá as grazas.

5. Ensaio xeral ¿Como o digo? Isto tamén require un proceso de preparación. Elabora un guión, pero non leas o teu discurso. Para poder falar sen necesidade de ler, ensaia varias veces. Mide o tempo: se che sae moi longo, terás que cortar algo, e ao revés.

6. Posta en escena E chegou o momento de pronuncialo.

- Sae con seguridade e, unha vez no atril ou mesa onde vaias pronuncialo respira fondo.

- Mira ao público. Reparte a mirada por toda a sala para que todos/as sintan que lles falas a eles. Coida a postura, os xestos e o volume de voz para que chegue a todos/as.

VALORACIÓN DE EXPOSICIÓN ORAIS.

Alumno/a _____ Grupo _____

Expresión oral.						
<ul style="list-style-type: none"> • Saúda a audiencia, preséntase de forma adecuada e indica o tema de exposición de maneira clara e concisa. 	0	1	2	3	4	5
<ul style="list-style-type: none"> • Mantén unha postura adecuada. Mantén o contacto visual para captar o interese do auditorio. Os seus xestos non denotan nerviosismo. 	0	1	2	3	4	5
<ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia correctamente todos os fonemas. O ritmo é adecuado pois o seu discurso resulta fluído e natural. A entoación e o volume son adecuados 	0	1	2	3	4	5
<ul style="list-style-type: none"> • Exprésase correctamente sen interferencias lingüísticas. 	0	1	2	3	4	5
<ul style="list-style-type: none"> • Emprega un vocabulario rico, variado e preciso, adecuado ao tema e ao rexistro formal. 	0	1	2	3	4	5
PUNTUACIÓN TOTAL.						

Aspectos do contido						
ADECUACIÓN:						
<ul style="list-style-type: none"> • Cumpre todos os puntos previstos achegando información pertinente en todos. Non cae en contradicións nin comete repeticións. • O seu discurso progresa tematicamente. 	0	1	2	3	4	5
COHERENCIA E COHESIÓN:						
<ul style="list-style-type: none"> • Organiza a exposición de modo que garante plenamente a coherencia e a cohesión textuais. 	0	1	2	3	4	5
DOMINIO DO TEMA						
<ul style="list-style-type: none"> • Os seus coñecementos sobre o tema son profundos e desenvólvese nel con soltura. Aporta un enfoque orixinal e/ou creativo. Pode contestar a todas as preguntas (en caso de facerllas). 	0	1	2	3	4	5
CONCLUSIÓN E DESPEDIDA						
<ul style="list-style-type: none"> • Despídese adecuadamente, recollendo o dito nunha conclusión non xenérica, e dá paso á audiencia para que faga preguntas 	0	1	2	3	4	5
MATERIAIS DE APOIO:						
<ul style="list-style-type: none"> • Usa material de apoio que clarifica a exposición, ao tempo que permite manter o interese da audiencia como fragmentos de vídeo, gráficas, esquemas, presentacións informáticas... 	0	1	2	3	4	5
PUNTUACIÓN TOTAL						

INDICACIONES PARA RESPECTAR AS PROPIEDADES TEXTUAIS

✚ ADECUACIÓN (adaptación do texto á situación comunicativa)

- **Tipoloxía**
 - Estrutura determinada polo tipo de texto (narrativo, argumentativo, expositivo...)
 - Obxectividade adaptada á intención (informativa, apelativa, descritiva, expositiva...)
- **Ámbito**
 - Características adaptadas ao espazo en que se produce a comunicación (académico, social, xudicial, literario, medios de comunicación...)
 - Características adaptadas ao soporte usado (móbil, correo electrónico, papel, presentación informática, audiovisual...)
- **Rexistro**
 - Rexistro adaptado ao destinatario (formal ou coloquial)

✚ COHERENCIA (claridade e orde das ideas dun texto)

- Información precisa, que se cinxa ao tema
- Exposición de ideas non repetidas
- Exposición das ideas sen contradicións
- Organización da información de xeito progresivo e ordenado
- Exposición do contido con claridade

✚ COHESIÓN (relación axeitada entre os elementos dun texto)

- Uso de conectores textuais adecuados, para enlazar palabras, frases, oracións ou parágrafos.
- Uso de hiperónimos, sinónimos ou substitutos pronominais para evitar repeticións.
- Uso dos signos de puntuación de xeito adecuado.
- Respecto pola concordancia gramatical.

O DEBATE. PASOS QUE DEBES SEGUIR

1. ESCOLLER O TEMA

2. ORGANIZAR OS GRUPOS:

Serán grupos de seis persoas. Unha persoa de cada grupo actuará como **secretario ou secretaria**, tomando notas dos argumentos do grupo contrario e de como se está levando a cabo o debate segundo as normas. Outro membro do grupo actuará como **portavoz**. En cada debate haberá un **moderador ou moderadora**.

3. FASE PREVIA DE DOCUMENTACIÓN E ELABORACIÓN DE ARGUMENTOS.

3.1. Informarse sobre o tema acudindo a diversas fontes.

3.2. Coñecer e redactar os diferentes tipos de argumentos, especialmente de tipo racional, para que a argumentación sexa sólida. Son recomendables:

- argumentos de autoridade (opinión de científicos, sociólogos, antropólogos...)
- argumentos baseados en datos, cifras, estatísticas, informes ...
- de causa-consecuencia,
- exemplos,
- da propia experiencia.

Coñecer as falacias para tratar de non caer nelas.

3.3. Ensaia as técnicas do contra argumento e a refutación. É importante prever as alegacións dos contrarios. Por iso, convén elaborar unha listaxe con, ao menos, tres argumentos adversos e, posteriormente, redactar a réplica correspondente. Todo isto debe comentarse no grupo.

4. REALIZACIÓN DOS DEBATES.

4.1. Estrutura do debate:

- O moderador/a iníciase enunciando o tema de controversia, e a continuación presenta aos grupos e comeza a vez no uso da palabra.
- Desenvolvemento do debate nun tempo acordado previamente.
- Conclusións de cada grupo.
- Invitación aos asistentes a preguntar ou achegar algunha información relevante.
- Apertura dunha nova volta de respostas ás cuestións dos/as asistentes.
- Cerre por parte do moderador/a e despedida

4.2. Tempo de duración:

- Acordar un tempo limitado para todo o debate (arredor de 20 minutos).
- Axustar o tempo de intervención de cada participante (uns dous minutos). O secretario/a de cada grupo controlará o tempo e avisará aos seus compañeiros/as do tempo consumido.

ESTRUTURA DA PROBA DE LINGUA E LIT. GALEGA NA ABAU

A estrutura xeral da proba e a ponderación das diferentes partes de que consta son as xa coñecidas de anos anteriores:

I. Competencia comunicativa 5 puntos

- a) Comprensión textual 2 puntos (2 preguntas de 1 punto)
- b) Produción textual 3 puntos (1 pregunta)

II. Contidos específicos da materia 5 puntos

- c) Lingua e gramática 2 puntos (2 preguntas de 1 punto)
- d) Lingua e sociedade 1 punto (1 pregunta) e Literatura 2 puntos (1 pregunta)

I. Consideracións relativas á parte de competencia comunicativa.

Obxectivo fundamental da nosa materia: conseguirmos que o alumnado acade unha adecuada capacidade no uso comprensivo e produtivo da lingua galega. Para iso cómprenos **“priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística”**.

Así pois, neste bloque avalíase a competencia comunicativa do alumnado, na súa dupla dimensión de comprensión e de produción de textos, de acordo coa seguinte estrutura:

a) **Comprensión textual** (preguntas 1 e 2) Formularanse dúas cuestións breves —cunha valoración de 1 punto cada unha— sobre algún aspecto de interpretación e análise do texto proposto, na liña das que a continuación se indican a modo de exemplo:

- **Resumo breve do texto ou dunha parte del.**
- **Estrutura do texto.**
- **Ideas principais e secundarias.**
- **Intencionalidade do texto.** O alumnado deberá comprender o sentido real do texto, máis alá da súa literalidade, percibindo recursos como, por exemplo, **a ironía, as implicaturas, presuposicións...**
- **Significado concreto no texto dalgunhas palabras, expresións ou fragmentos.**
- **Recoñecemento e descrición de recursos cohesivos gramaticais e léxico-semánticos.**
- **Descrición do rexistro do texto e análise das súas manifestacións lingüísticas.**

b) **Produción textual** (pregunta 3) Pediráselle ao alumno ou alumna que constrúa un texto persoal cunha extensión aproximada de 200-250 palabras sobre un tema proposto, relacionado dalgún xeito co contido do texto do exame. Nesta **pregunta valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado e adecuado á situación comunicativa.** A cualificación da pregunta (3 puntos) desagregarase en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) **Construción textual:** 1 punto. Valorarase:

- **A adecuada selección da información,** coa presenza daquela que sexa pertinente e necesaria para que o texto resulte comprensible. Terase en conta a capacidade para evitar clichés, estereotipos, lugares comúns e ideas excesivamente previsibles, así como unha orixinalidade gratuíta e afastada do contido do texto da proba.

- **A coherencia discursiva.** A sucesión de enunciados do texto debe presentar continuidade temática e progresión informativa. Non debe ademais introducir contradicións.

• **A organización da información:** estruturación do texto (p. ex., introdución, desenvolvemento e conclusións), argumentación e organización en parágrafos.

2) **Adecuación léxico-gramatical:** 1 punto. Valorarase:

A capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Terase en conta o manexo apropiado dos rexistros da lingua nas escollas lexicais e nas construcións gramaticais. O texto deberá **evitar polo tanto trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos** e non planificados, así como aqueles que amosen un requintamento afectado. En definitiva, valorarase o bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais coma léxicos.

3) **Corrección ortográfica e gramatical:** 1 punto. Valorarase:

• O correcto dominio da **ortografía e os signos de puntuación**, así como a gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

A extensión proposta debe entenderse a título aproximativo e informativo. Porén, para evitar estratexias elusivas maliciosas, a presentación de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao extremo de dificultar a axeitada avaliación da tarefa, suporá unha diminución proporcional da valoración global da pregunta. Polo mesmo motivo non se tomarán en consideración os textos (ou partes deles) que carezan da necesaria pertinencia con relación ao tema proposto.

II. Consideracións relativas á parte de contidos específicos da materia

c) **Lingua e gramática** (preguntas 4 e 5)

Formularanse dúas preguntas breves sobre contidos de: Fonética e fonoloxía, Morfoloxía e sintaxe, Semántica e lexicoloxía ou Dialectoloxía

d) **Lingua e sociedade** (pregunta 6)

Formularanse dúas preguntas, das que o alumno ou alumna deberá responder só unha, á súa elección. **Valorarase a capacidade para seleccionar e presentar a información máis relevante sobre o tema escollido, así como para evitar divagacións e xeneralidades.**

e) **Literatura** (pregunta 7)

Formularanse dúas preguntas, das que se deberá responder só unha, á libre elección do alumno ou alumna. **Non se considerarán correctas as respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras.** Valorarase o tratamento, no tema escollido, dos seguintes elementos: **Información sobre o contexto:** acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias, etc. **Información acerca dos principais autores/as dun período ou corrente.** Esta non só debe facer referencia **ás obras máis importantes** senón tamén **aos trazos que caracterizan cada un dos autores/as.** Información acerca do que **un grupo, autor/a ou época supuxeron na historia da literatura galega.**

RÚBRICA PARA AVALIAR A LECTURA NA AULA

ALUMNO/A

CURSO-GRUPO

AVAL.

CRITERIOS	MOI BEN	BEN	REGULAR	MAL
Velocidade	100 palabras /10' - 25'	100 palabras / 25' - 40'	100 palabras / 40' - 50'	100 palabras / 50' - 60'
Fluidez	Le sen silabar e sen saltar palabras ou liñas. O seu discurso resulta fluído e natural.	O seu discurso resulta fluído e natural, pero tropeza nalgunha palabra.	O seu discurso é pouco fluído e natural. Tropeza varias veces en determinadas palabras.	O seu discurso carece por completo de fluidez e naturalidade. Tropeza continuamente.
Pronuncia	Pronuncia correctamente todos os fonemas.	Pronuncia incorrectamente algún fonema de maneira puntual.	Pronuncia incorrectamente algunhas palabras repetidas veces	Pronuncia incorrectamente
Volume	Volume adecuado ao espazo e ao contido. Le o suficientemente forte, sen chegar a berrar. Sabe proxectar a súa voz	Volume adecuado, aínda que oscila subindo e baixando a voz.	Volume pouco adecuado porque sobe ou baixa a voz excesivamente, ou ben óese fragmentariamente, dificultando a comprensión	Volume inadecuado, pois resulta inaudible, até o punto de imposibilitar a comprensión.
Entoación	Le respectando os tempos adecuados para cada signo de puntuación, entoando adecuadamente a exclamación e a interrogación, ademais dos enunciados en xeral	Le respectando a puntuación, entoando a exclamación e a interrogación, ademais dos enunciados en xeral; se ben non sempre o fai dun xeito adecuado.	Le case sen entoación ou cun ton en exceso monótono	Le sen entoación ou cunha entoación inadecuada que dificulta ou mesmo imposibilita a comprensión
Dramatización	Demostra comprender o que está a ler a través da súa dramatización. Modula a voz para marcar o cambio de personaxes ou narradores	Dramatiza a súa lectura, pero non sempre o logra dun xeito adecuado	Tenta dramatizar o que le, pero non o consegue adecuadamente ou cae na dramatización tópica, sen entender o que está a ler.	Le sen comprender o que le e sen dramatizalo
Atención	Presta atención e continua a lectura adecuadamente	Presta atención, pero continúa a lectura de calquera xeito.	Continúa a lectura pero non no mesmo lugar nin dun xeito adecuado ou despístase e pide axuda para seguir.	Non presta atención e non sabe seguir a lectura.
Comprensión	Sabe diferenciar as ideas principais das secundarias. É capaz de facer un resumo claro e conciso e sabe identificar o narrador, espazo, tempo e protagonistas.	Sabe diferenciar as ideas principais das secundarias . É capaz de facer un resumo e sabe identificar o narrador, espazo, tempo e protagonistas.	Sabe diferenciar as ideas principais das secundarias despois de varias lecturas . É capaz de facer un resumo e sabe identificar o narrador, espazo, tempo e protagonistas, unha vez que o texto foi comentado en clase polo profesor/a	Non sabe diferenciar as ideas principais das secundarias. É incapaz de facer un resumo claro e conciso e non logra identificar o narrador, espazo, tempo e protagonistas.